

NORMATIVA DO AUTOCINE

1. A área de Cultura da Deputación de Lugo, vai a levar a cabo a proxección de cine ao aire libre so seguinte xeito:
 - 1.1. Os días 13 e 14 de novembro en Lugo, no aparcadoiro do pazo provincial dos deportes.
 - 1.2. O día 15 de novembro, en Sarria, a carón do campo de fútbol da Ribela.
2. Cada uno dos días se proxectarán dúas películas.
3. As proxeccións por día e hora, serán as seguintes:



4. Para poder acceder ao recinto onde se proxectará as películas **é obrigatorio ir en automóbil**. Nos se permitirá o acceso a pe, nin de ningún outro modo que non sexa o interior de un automóbil.
5. Previamente, os interesados en ir a algunha ou varias proxeccións, deberás rexistrar o seu vehículo no formulario ao que pode acceder [premendo aquí](#).
6. Non estará permitido permanecer fora do vehículo en ningún momento.
7. Os asistentes no mesmo vehículo, deberán ser conviventes, non se permitirá o acceso ao recinto a persoas non convivente no mesmo vehículo.
8. Se por calquera motivo, algún dos asistentes, no momento de estar no autocine, precisa axuda, deberá contactar co teléfono 654 285 692.
9. A velocidade máxima dentro do recinto será de 10 km/h. Deberá de seguir os sinais de dirección obrigatoria e, en ningún caso ir contra dirección.
10. Ningún vehículo pode entorpecer a visión do vehículo que ten detrás. En todo momento, deberán seguir as instrucións do persoal para estacionar, nas prazas asignadas, e circular con coidado.
11. Non está permitido o acendido das luces, nin facer ningún tipo de ruído durante a emisión da película. En calquera caso, si se permite acender o motor 5 min, para cargar a batería do automóbil. En caso de esgotar a batería, se o automóbil non dera acendido, haberá un equipo de acendido rápido. Deberá poñerse en contacto con nos, a través do teléfono de emerxencia 654 285 692, para que vaíamos a axudarlle.



NORMATIVA DO AUTOCINE

12. Calquera accidente entre coches ou incidente contra un elemento da montaxe do perímetro, será considerado accidente de tráfico.
13. O audio da película, chegará a través da radio do vehículo. A entrada ao recinto, indicárase a frecuencia da FM que deberá sintonizar para poder escoitar a película.
14. O acceso ao recinto, abrirase trinta minutos antes do comezo da proxección.
15. Unha vez rematada a película, deberá saír do recinto, salvo que teña reserva para a seguinte película. No caso de que teña a reserva para a seguinte película poderá permanecer na mesmo lugar.
16. En caso de choiva moderada, o evento celebrárase igualmente. En caso de que as condicións climatolóxicas sexan moi adversas, será aprazado.